

Prezadas familias. Como ben sabedes, a situación que estamos a vivir non nos permite levar a cabo celebracións que impliquen aglomeracións nin contacto entre os grupos estables de convivencia.

Por este motivo, non podemos celebrar o Entroido como outros anos.

Aínda así, e para que as nenas e nenos vivan dalgún xeito esta tradición, realizaranse actividades a nivel de aula e o **MECO DEIXARÁ OS SEUS MANDADOS**. Son os seguintes:

- **LUNS, 8 DE FEBREIRO: Zapatos desaparexados.**

*"Se queredes seguir os meus mandados,
traede os zapatos desaparexados".*



- **MARTES, 9 DE FEBREIRO: Algo atado á cintura.**

*"Poucas cousas aportan máis fermosura
cá traer algo atado á cintura".*



- **MÉRCORES, 10 DE FEBREIRO: Algo na cabeza.**

"O segredo da beleza
está en por algo na cabeza".



- **XOVES, 11 DE FEBREIRO: Algo no pescozo.**

"É moi típico do Entroido
colgar algo do pescozo".



- **VENRES, 12 DE FEBREIRO: Poden vir disfrazados da casa (disfrace libre).**

"O coronavirus estragounos este ano,
pero non todo está perdido!
remexe no armario e busca un disfraz,
ten por seguro que será divertido!



- Pedimos a vosa colaboración para axudar aos vossos fillos a cumprir cos mandados do meco.
- Os mandados non serán acumulativos.
- O venres, día que poden vir disfrazados libremente, non traerán a cara pintada e evitarase traer ao colexio cousas que poidan extraviar.

MOITAS GRAZAS